# A Voz das Dunas

Nº 4 - Xuño de 1.997

Equipo de Normalización Lingüística do CEP. de Olveira



# Anxel Fole



Anxel Fole naceu en Lugo no ano 1903. Estudiou Dereito en Valladolid e Santiago.

Nos anos da República funda a revista "Xungue" e milita no Partido Galeguista.

Despois da guerra civil, no ano 1953, aparece o seu primeiro libro en galego, "A lus do candil", ó que seguiría, dous anos máis tarde, o titulado "Terra brava".

Moitos anos máis tarde publica outros dous libros de relatos: "Contos da neboa" (1973) e "Historias que ninguén cre" (1981).

Nos contos de Fole atopamos unha mestura de humor e misterio.

A maior parte da súa vida residiu en Lugo. Finou no mes de maio do ano 1986.

En 1963, cando se creou o Día das Letras Galegas, escolleuse como data o 17 de maio, por ser este o día no que se publicou Cantares Galegos, de Rosalía de Castro.

Cada ano o día das Letras Galegas é adicado a un autor distinto, e este ano foille adicado a Anxel Fole.

Mª Dolores Carnota Gómez. 8º

# A Princesa triste

Erase unha vez unha rapaza que vivía nun palacio moi grande.
O seu pai era o rei máis poderoso da terra. Todos estaban contentes menos a rapaza que se chamaba Laura. Aquel rei vía que Laura estaba triste porque non tiña amigas e nin siquera un can, solo estaba ela, non tiña irmáns.
Un día foi o seu cumpleaños. Todos lle regalaban roupa, plantas...
pero aínda faltaba o rei e a raíña.
Ven o rei e díxolle:
- Toma esto, é para ti.
Laura abreu o paquete e veu (e veu) un can, era precioso, era castaño claro e desde ese día non estivo soa e estaba feliz co seu can o que lle chamaba Yerry.



Verónica
3º Curso

# O SOL



O sol é amarelo
e ten moito pelo,
reluce no ceo
e ten moito eco.

O sol é fermoso
e maravilloso,
e mai caloro
e mai caluroso.

Vai chegando a maitiña
vamonos todos a camiña.
Chegando a maña
o sol saira.

Mercedes Rodriguez Maneiro 5º




Longo coma un camiño
e torto coma un fuciño
¿ Que cousa é? 8-B

— — — —

Se a tiras do campanario
non rompe,
se a tiras o mar rómpese
¿ Que é? 5º

— — — — — —


Sabela
Bárbara
Ista é ... ¡Sabela!
¿Sabes?
¿Bailas?
¿Bueno?
Non te rías tanto e baila máis
Anda aparvado
Sabela tiña moitos pretendentes pero ela só quería bailar con Daniel



Pasou o tempo ...
¡SEGUÍAN BAILANDO!
Non sabes bailar mais que con Sabela, baile con todas rapaz, faille caso a túa nai.
PARVADOS
GUAU
Foi mediando e facéndose un home de sentido
VOU ESTUDIAR
Hoxe non vou bailar teño que aprender quen é Colón
Graduóme ó fin.
Que parvada o baile pero que ben o teño pasado
Alcalde
Sr Alcalde: Invitámolo á festa do pobo en honor a VD.
E chega o día...
BENVIDO
Meu bailador
¡Sabela!

# Unha mudanza inolvidable.

Este verán mudámonos para a cidade por culpa do traballo de meus pais. Eu non quería así que non estou moi contenta que digamos. Non me gusta nada. Miña nai tivo que ir a unha entrevista de traballo e eu non teño nada de comer. Fun comprar unha pezza. Cando ía a pagar foi cando o vin. Era alto, moreno, tiña uns ollos castaños que enamoran a simple vista... o seu sorriso era coma o dos actores de cine tan galantes. Parecía simpático, dulce amable... non podía aparta-la miña vista del. Entón foi cando me mirou e a súa mirada cruzouse coa miña. O corazón íame a estoupar. Non me quitou a vista de enriba. Eu estaba moi nerviosa e cando paguei funme sen mirar atrás.

Xa era polá mañá cando me levantei para ir ó instituto. El estaba alí, sorrindo. Eu dixenme "¿por que non acercarme a el e presentarme?" Estaba case decidida cando ela chegou. Era unha moza moi guapa. Acercouse a el e deulle un bico. Puxenme moi celosa. Funme para a clase. Ó entrar a profesora fíxome unha seña para que fose xunto dela. Presentoume a toda a clase. Dixo o meu nome completo: Micada dos Destellos. A xente da clase, sobre todo os rapaces, empezouse a rir. Senteime nun sitio que estaba

libre. Entón chegou el. Pideu perdón polo seu retraso e sentouse ó meu lado. Díxome:

—Hola, son Pedro. Ti es Micaela ¿non?

—Si— respondín eu.

—Cando eu me mudei para aquí tamén me sentía fatal porque non coñecía a ninguén, pero non me costou moito acostumbrarme.

—Espero que teñas razón.

—Non te preocupes. Teñoa. Creo que a túa casa non está lonxe da miña. Hoxe acompáñoche e así non te sentirás tan sola.

—¿E a túa moza non se vai poñer celosa?

—¿Como sabes que teño moza?

—Vinche antes bicándote con ela.

—Bueno, ela non estudia aquí. Está xa na universidade.

—¿É maior ca ti?

—Non, pero xa é a segunda vez que fago C.O.U. Que dis, ¿acompáñoche?

—Bueno, si non é molestia.

Íamos camiñando. El íame explicando como era a xente neste sitio pero eu so podía pensar nos seus ollos, no seu sorriso, no seu todo...

—¿Queres ir a tomar algo?

—¡Oh! Si claro.

Meu Deus. Era guapísimo. Estaba enamorada. Sentí

aime de maravilla pero á vez fastidiada. Estaba segura de que el tamén tivera un flechazo pero ¿e a sua moza? Cada vez que pensaba que tiña moza...

Esa noite metinme na cama pensando que el estaba ó meu lado. Dormínme pensando que me abrazaba e me bicaba.

Aquela mañá veume a buscar á casa. Estaba radiante. Sería capaz de calquera cousa por el. Ó saír da casa colleume a man e alagoume dicíndome:

-Hoxe estás radiante Miki.

-Bueno, vaume somoxar.

-Pero si é verdade.

Regaleille o meu mellor sorriso e él respondeu bicándome a man. Estaba a punto de desmaiarme. ¡¡Bicárame!! Era o meu soño feito realidade. Ó chegar ó instituto a sua moza estábao esperando. El foi xunto dela e discutiron. O chegou á clase díxome:

-Caty está enfadada comigo.

-¡Como!

-O que oes. ¡Esta celosísima de ti!

"¡Que ben! ¡Esta pode se-la miña oportunidade!", pensei

Ó acabar a clase Pedro foise correndo. Eu pensaba que era porque quería facer as paces con Caty pero ó chegar á casa estábame esperando. Díxome que me quería. Despóis diso nunca máis nos colleron separar.

Completa e di a palabra que sobra:



3 letras: Ola / ASA / Rio.
4 letras: Remo / Saco / Casa.
5 letras: Pisos / Freos / Fonte / Camas.
6 letras: Xantar / Sillón.
8 letras: Pupitres.
9 letras: Excursión.

DANIEL. 8º

# A MIÑA POMPOIÑA

Na miña casa casiña
teño unha pompoina,
cando me deito na cama,
pregúntolle como se chama.
Ela non responde.
Mira para min, e non
se esconde.
Antes de durmir, doulle
as boas noites;
Para que ó despertar,
volvas a xuntar
os dous contentos comeramos
o día cada un no seu traballo
que parece un agasallo.
Ó pensar que na miña casiña
teño unha pompoiña.

# CHISTES

Este chiste é de Xaimito:
estaba a profesora e Xaimito con 2 amigos, caeulle a compra a profesora e ó collela levantaronselle as faldas:
- ¿Canto viches Xoán?
- Só ata o xeonllo.
- Expulsado unha semana.
- ¿Canto viches Filomeno?
- Só ata o medio muslo.
- Expulsado un mes.
- ¿Ti Xaimito canto viches?
- Eu, será mellor que non veña en todo o ano.

---

Esta é a historia dunha muller que se vai confesar e dille ó cura:
- ¡Aih padre eu teño un pecado moi grande!
- ¿Cal é?
- Fixen o amor co cura da parroquia do lado.
- ¡Aih señora que pecado tan grande!. Pero ti non sabes que a túa parroquia é esta.

BÁRBARA, INÉS E LETICIA 8ºB

# ANTROIDO-97

## A murga de "As Atrevidas"

Hola colegas:
ímosvos a contar
unha chea de historias
que vos van a gustar.

O profesor de primeiro
pensa que andamos tras del
pero en realidade as que andan
son as que lle van pedir o casset.
Iso está mal ...

O Dositeo co seu violín
non fai máis que pirín, pin, pin.
Iso está ben ...

A Rosa e maila Marisa
xúntanse as dúas coa saia da risa.
Iso está mal ...

A profesora de inglés
estáche ben rechonchiña
pero o profesor de primeiro
ben que lle bota o olliño.
Iso está ben ...

Manoliño tapa o seu cuíño
cun chupetiño.
Iso está mal ...

A calva de Xoxé Xoán
reflexa as bruxerías
pero iso non mo digan a min
que o vexo tódolos días.
Iso está ben ...

A profe Xoaquina
quérenos acougar
pero élle imposible:
somos malos de aturar.
Iso está mal ...

Don Héctor é moi boíño
pero na clase é un pesadiño.
Iso está ben ...

O Anxo e moilo Eloy
son moi maliños
pois andan a roñar
cada vez que imos ensaiar o bailiño.
Iso está mal ...

A profesora Ofelia
é unha muller moi guapa
pero cando lle dá por aí
ponse pesada e dá a lata.
Iso está ben ...

Miguel co seu pitillo
rompeu o pistillo.
Iso está mal ...

***"As Atrevidas" de 8°:***
*Montse, Diana, Iria, Isabel, Cris, Bea, Irene, Estrella e Olga.*

## A murga das vellas

Vinde todos onda nós
estes días de alegría
que para chorar, señores,
non ha de faltar un día.

Esta murga, meus señores,
ha de dar moito que falar
pois hai moita merda ciscada
e nós ímola a aclarar.

¡ Ramón !:
Colle a lagoña,
vaite para horta.
Vai limpa-la merda
que deixaches fóra.
Ramón, meu pichón,
non vaias ó monte
que senón poste peor.

No basureiro da Curota
hai dende saias a lavadoras
por iso todos queremos
que haba unha millora.

¡ Ramón !:
Colle a lagoña,
vaite para horta.
Vai limpa-la merda
que deixaches fóra.

¿ Como que Ramón ?
Eu son Xosé.
Mira con quen estiveches
onte polo mencer.

## A murga dos curas

DANI: Eu son o párroco Francisco
e a ver se non me fago un cristo.

FRAN: Eu son o párroco Xulián
por eso chocamos a man.

DANI: Neste carnaval
deixamos atrás o nadal,
vestímonos de entroido
por eso non me coido.
Pai noso, arríncanos un óso.

FRAN: Por meternos contigo
sin outro motivo
perdónanos a nosos deudores
porque todos somos pecadores.
¡ Líbranos del mal
que estamos en carnaval !.

¡ Amén !

ANTROIDADAS

Porco son
e fuciño teño
pero aínda máis porco é
quen me está lendo.

# ANUNCIO

- Na semana das letras galegas houbo no colexio unha exposición de artes de pesca e fotografías.
No apartado de artes de pesca houbo un apartado no que se colocaron algunhas cousas en miniatura como: nasas, redes, roupas de augas etc... que á xente lle fixo moita gracia, pois era curioso. Os aparellos foron elaborados por María del Mar unha muller que colaborou moito nesta esposición, e coma ela Concha, a presidenta da apa, e así outras mulleres que estiveron alí día tras día prestando toda á axuda posible.

O colexio estivo aberto toda a semana a partir das 5:30 da tarde para tódolos publico. Tamén estivo aberto o sabado e o domingo de 5:00 a 7:00 da tarde para aqueles que pola semana estiveran traballando ou tiveran outros inconvenientes e non puideran ir a vela.

Os alumnos e alumnas do colexio tiveron unha semana de xogos, chistes, contos, carteis etc... en honor ás "letras galegas". Os alumnos, alumnas e mestres fixeron xogos dos que os rapaces e rapazas non sabian xogar porque eran xogos antigos como: cucaña, aros, carrilanas etc...
Foi unha semana moi divertida.

---

- Busca na sopa de letras 5 palabras relacionadas coa pesca.

1.->
2->
3->
4->
5->

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| A | O | R | N | D | W |
| A | B | C | D | S | X |
| C | D | Ñ | D | E | E |
| I | T | N | H | F | X |
| R | E | D | E | G | H |
| R | C | M | N | Ñ | E |
| O | P | Q | R | S | P |

MARÍA DOLORES LÓPEZ PÉREZ 8ºB

# PASATE-MPOS

* Buscalle os erros a estas dúas nenas. ( Hai 10 ).



* Escribe as vocais que lle faltám a estas Palabras:



B_s g_ _ . fl_ r . R_s_ _ . H_ r_ _

n_ n_ . _ rb_ r_ . m_ r_ sc_

Prefixo de negación + 

XEROGLÍFICO

¿Chegou cedo teu avó?

_ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _

# Miña naiciña, cando volverá...

Estiven agardando na praza
e ti seguías sen ir,
agardeiche catro horas
e ti non quixeches saír.
Foise o meu amigo
foise o meu amor.

Agardeiche na praza
e non quixeches ir,
estivenche agardando varias horas
e ti seguías sen ir.
Foise o meu amigo
foise o meu amor.

E el seguía sen ir
miña naiciña que será de min,
se el non volve máis por aquí
que será de min.
Foise o meu amigo
foise o meu amor.

E non quixeches ir
¿que será de ti?
¿será que xa non me queres?
¿será que xa non me amas?
Foise o meu amigo
foise o meu amor.

Montse - Isa - Irene - Olga

# O BOLÍGRAFO QUE FALA




x– Un día na escola a Xursco sucedeulle unha cousa sorprendente e...

–¡Xursco, Xursco!

¿Ana, eres ti?

Non, como vou a ser eu, se estamos a facer un control.

E Xursco, aquí abaixo. ¿Como? Está a falar o bolígrafo. – Cala Xursco, que vou a dicir as preguntas. –¡Vale, bolígrafo! Empeza. Espera, ¿Cantas respondestes? Nove, pero a dez non a sei. – Resposta Si – Gracias, bolígrafo, seguro que saco un dez. – A ver Xursco Pazos Olveira moi bo exame, o mellor da clase. Un dez. Ben, xa saquei o que quería a máxima nota.

Pero Ana, sabía que fora o bolígrafo o que lle dixera as preguntas. E pensou ela:

– Se consigo ese bolígrafo, seguro que el non sería capaz de acertar unha.

– Para o outro día, Ana saíu a última e como Xursco, sempre era o primeiro colleulle o bolígrafo.

– Bueno ¿A ver que fas agora?

O día seguinte, ían a ter examen e Xursco aprobou con nove e a Ana, ¿que lle pasaría?

– A ver bolígrafo que resposta é esta. Non. Bueno agora seguro que saco un dez. – Ana Gonzalez Mera, un cero. Suspendestes o curso.

Moi ben feito bolígrafo, os que son avariciosos, sempre perden.

Juan Pazos 4º

# BUSCA OS PLANETAS QUE NOS RODEAN.



| | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S | I | E | S | A | T | U | R | M | O | R | E | S | F | E | O |
| M | Y | T | I | E | N | E | S | M | A | L | A | S | U | E | R |
| E | T | H | A | R | T | E | E | P | O | D | R | A | S | E | N |
| R | C | O | N | T | R | A | R | A | T | U | A | T | M | I | E |
| C | G | O | I | D | D | E | A | L | E | N | E | E | L | C | P |
| U | O | L | E | G | I | O | P | U | B | L | I | R | C | O | T |
| R | D | E | O | L | U | X | U | P | I | T | E | R | E | I | U |
| I | R | A | S | I | E | S | T | A | S | A | B | A | U | R | N |
| O | I | D | O | I | N | O | T | I | E | N | E | S | Q | U | O |
| E | H | A | C | E | R | U | E | P | L | U | T | O | N | N | T |
| E | A | V | E | N | U | S | L | A | P | R | Y | A | Y | A | C |
| O | N | H | I | G | O | S | I | T | E | A | L | L | A | M | A |
| S | I | U | A | N | D | A | N | I | E | N | L | E | S | M | E |
| I | O | R | Q | U | E | T | E | M | A | O | T | E | S | O | Q |
| U | E | T | E | T | I | R | E | S | A | L | M | A | R | Y | Q |

Roberto 8º B

Luis 8º B

# Os aros

O día que xogamos cos aros foi o día 15 de maio de 1.997. Todos andaban cos aros a correr, aínda que algúns non saben manexa-los ben.
Os grandes metíanse por tódolos sitios, pero nós, aínda que nos molestaban, andabamos cos aros contentos.

TEXTO: VERÓNICA

DEBUXO: PEDRO

3º CURSO



## ADIVIÑAS

Redondo no pé
redondo na bola
e enriba ten
pirindín pirindola S.B

dido ó dereito
naceu para voar
mirado ó revés
remata por casar S.A

# - DEPORTES -

"A pregunta do ano ¿quen gañará a liga?"

Este ano os equipos que teñen máis opcións ó título ligueiro son o Barça e o Real Madrid.

Os dous equipos combaten, máis que pola liga, por ver quen pon máis nervioso ó seu contrario.

Todos teñen estrelas das cales Ronaldo é o que máis cobra: ¡Máis de 500 millóns libres de impostos ó ano!!!




¡A PELEXA DA LIGA!

FRAN - 8ºA
ROBUS - 8ºA
DANIEL - 8ºA

# RI CON NÓS

Caperuchiña vermella está coa súa avoíña;
— Avoíña, avoíña ¡Que ollos máis grandes tes!
— Son para verte mellor, miña filla...
— Avoíña, avoíña ¡Que orellas máis grandes tes!
— Para oírte mellor, meu amor...
— Avoíña, avoíña ¡Que boca máis grande tes!
— Pero bueno, ¡ti que! ¡Viñeches para traerme a merenda ou a sacarme defectos!

Dous amigos atópanse pola rúa.
Un deles dílle o outro:
— Oes, nótoche moi triste...
— Si, é que me acaban de botar do traballo.
— ¡bah, non te preocupes! ¡Xa verás como o teu xefe atopa pronto un sustituto!

IRIA, ESTRELLA E DIANA - 8º

## XEROGLÍFICOS

Z +  - F

¿Que líquido soltan os figos?
Solución: ZUME

 + i + 

¿Quen puxo a mesa?
Solución: Marilúz

# UNHA RAPAZA AMARGADA

Nun pobo en 19 5 na madrugada do 31 de agosto nace unha rapaza pesando dous quilos cento cincuenta gramos, esa rapaza crece.

Ela recorda que cando tiña sete anos, estudiaba no colexio do seu pobo chamado Poá.

Foron pasando os días e esa rapaza vía tanta pobreza o seu redor que a súa nai traballaba tanto día e noite para alimentar ós seus cinco fillos que tivo que traballar con seus sete anos nunha casa facendo a limpeza.

Esa rapaza ía pola maná ó colóxio e pola tarde traballaba, e os anos foron pasando e esa rapaza vía que o diñeiro non chegaba e quería axudar a súa nai. Un día esa rapaza ía para ó colexio sen un cacho de pan para levar a boca e pasou por frente dunha panadería e veu na porta unha cesta de pan na porta e colleu unha barra de pan e comeuna toda ca fame que tiña. O dono da panadería veuna colle-la barra de pan e o dono da panadería coñecía ó pai da rapaza e foi xunto del a dicirlle que a paza colleu unha barra de pan e que lla pagase. O pai da rapaza chegou a casa e chamouna, a rapaza veu que o seu pai tiña un cinturón na man e pegoulle moito. A rapaza chorando, díxolle que o fixera porque tiña fame.

Foron pasando anos, anos e anos e esa rapaza que agora non é unha rapaza coñeceu a un aposto xoven que chegou nun barco e vivía moi lonxe. Casáronse e tiveron tres fillas e viviron moi felices moitos, moitos e moitos anos ata que a morte os separou.

Esta historia é real.



Lourdes Santos De Oliveira 6º

# COLOREA...



J. Manuel Díaz, 3º curso

"Noite de lobos"

Hai moitos anos unha noite de inverno de moito frío e moita xeada estaban os meus avós sentados na lareira ó pé do lume e nisto sentiron unha cousa moi rara fóra como se fora un oubeo dun lobo.

A miña avoa chea de medo díxolle ó meu avó:

-¡Ai Xosé! ¡Que medo teño!.

-¡Carmeliña, cala e ponte tranquila! -díxolle o avó-. Vou mirar pola fiestra.

Mirou pola fiestra e non viu nada e entón foi mirar pola porta. Cando abriu a porta quedou abraiado porque diante dos seus fociños había máis dunha ducia de lobos.

Pechou a porta correndo e foi colla a escopeta, saliu pola porta de atrás e tirou un tiro ó aire. Co susto os lobos escaparon a todo correr.

-¡Pobres lobos! -dixo o avó-, están mortos de fame e non teñen que comer.

María 2º




# Un rapaz que seria quen de manxar a seu pai polas perras



UN RAPAZ QUE SERÍA QUEN DE MANXAR A SEU PAIRA POLAS PERNAS (comic)






*CASA FOLLIA É UN FILLO DO FARRUCO


QUE FILLO MAIS GOAPO
SSSSS
UNNN... TRAUKOQ A TIR ABRGA NO CAIXON
¿DE ONDE UEN O NENO
¿?
¿E CANDO O COMEROS?
FIN
¿GUSTOUCHE
A MIN SI ¿E A TI?
TEXTO = Castelao
DEBUXO: IBAÑEZ (MOTA)

# – HOROSCOPO –

Aries: Amor: Levanta eses ánimos. O fallo que tivechas foi do campionato. Pon os teus cinco sentidos e serás feliz. Amigos: Mantente como estás, telas todas ó teu redor. Éxito: Con ese corpo tan extraordinario terás a todos os teus pés.

Tauro: Amor: Trata ben á túa parella, que ten o corazón bastante delicado. Amigos: Esta semana recibirás a sorpresa mais esperada da túa vida. Éxito: Pon o traxe polar e sae pitando cara a neve. Necesítalo.

Géminis: Amor: Que non se che empeñe que vas a ter ó teu amor para toda a vida, porque con ningún impedible o soxeitaras. Amigos: Están tramando algo ás túas espaldas, quizais unha sorpresa. Pon a antena en sintonía a ver si cazas algo. Éxito: Un pouco máis de baxeria e terarás fondo.

Cancer: Amor: Disfruta estes días, presentanseche mais de mil ocasións para ligar. Amigos: Teros unha ~~(...)~~ envexa polos teus éxitos, pero xa lles pasará. Éxito: Cambia totalmente o teu peiteado e serás a deusa do amor.

Leo: Amor: Non creas que o amor perxudica a saúde, que o perxudica e non comerse nunca un roscón. Amigos: O pai da túa meller amiga odiate, aproveita esta semana para facerlle a pelota. Éxito: Nin toda a escuridade tapará a túa luz, estarás radiante.

Virgo: Amor: O teu mozo/a sobrirá un acceso por ti, apreta ben o cinturón. Amigos: non queiras ser perfecto. Éxito: Escapa desas caras tristes, ¡¡ Alédate!!.

Libra: Amor: O teu magnetismo sobre un pequeno

desaxuste estes días, anímate. <u>Amigos</u>: Algún deles contarache un segredo, senón podes resistir, contallo ó teu espello. <u>Éxito</u>: Días de sosiego despois de comedoiras de coco.

<u>Escorpio</u>: <u>Amor</u>: Non terás que matar a un dragón pero case, case... se queres conquistar terás que pasar mil probas. <u>Amigos</u>: Mantente alerta, un dos teus amigos coquetea co teu ligue. <u>Éxito</u>: Estes días recibirás unha sorpresa moi romántica.

<u>Saxitario</u>: <u>Amor</u>: Con esas taquicardias que che dan é moi difícil que pesques un ligue. <u>Amigos</u>: Algún do teu grupo está feito polvo. Axúdao. <u>Éxito</u>: Se tes voz. ¿Que tal un karaoke para empezar?

<u>Capricornio</u>: Está ben que seas detallista, se segues así, non che durará moito e tela no calador. <u>Amigos</u>: Ningún amigo lograría enfadarte, e eso que hai un que o intenta con ganas. <u>Éxito</u>: Enhorabóa, engordaches os dous kilos que che faltaban. ¡¡Verás como che queda a roupa!!

<u>Acuario</u>: <u>Amor</u>: Os astros vanche favorecer tanto que podes esperar calquer cousa. <u>Amigos</u>: Estás demasiado nervioso/a e vas perde-los papeis. <u>Éxito</u>: ¡¡Boa racha económica!! Sobranche os cartos.

<u>Piscis</u>: <u>Amor</u>: Estes días a lúa exercerá un poderoso influxo sobre ti. <u>Amigos</u>: Se volves deixar colgados os teus amigos non volverán a contar máis contigo. <u>Éxito</u>: Póñaste o que te póñas estarás radiante.

# CRUCIGRAMA

Busca 8 nomes de frores: Alhelí, Margarita, Caravel, Rosa, Violeta, Azucena, Narciso, Xeranio.

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | B | C | D | E | F | N | G | C | H | I |
| J | L | K | L | M | N | A | Ñ | A | O | V |
| P | Q | H | R | S | T | R | U | R | V | I |
| A | B | C | E | F | H | C | J | A | O | O |
| L | N | O | Q | L | S | I | U | V | I | L |
| W | Y | A | C | E | I | S | G | E | N | E |
| I | K | M | Ñ | P | R | O | T | L | A | T |
| M | A | R | G | A | R | I | T | A | R | A |
| X | Z | O | D | G | J | M | O | R | E | U |
| Y | B | S | E | H | O | T | M | R | X | E |
| P | L | A | Z | U | C | E | N | A | B | D |

Mercedes Rodríguez Manciro 5º Primaria

ANUNCIO

Vendo paraugas con furados para que non entre a chuvia e entren os paxaros.

Mª Dolores Carnota Gómez

# OS ANIMAIS

Un cán moi bonito
e tamén teño un pito.
Unha ovella coa lá
coma a pita coa súa á.
Teño tamén un galo
pero con cú de cabalo.
Tamén hai unha cadela
con cachorros que son dela.
Pitos de cabeza grande
pero deronmos de balde.
E unha vaca preguiceira
coa cabeza na lareira.
Pero sigue numerando
para poder coidar o gando.
A todos hai que alimentar
para os poder coidar,
e a cadela mailo can
damoslle de comer pan.

Fátima 4º




UN DÍA DE EXCURSIÓN
¡Hola! imos de excursión
¡Eu tamén vou!
Iso non é certo
É verdade pero como ti non vas dis eso
¿Nenos preparados para irnos?
¡SÍ!
Profe ¿que estarán facendo os outros rapaces?
Vendo o zoo
COLEXIO
¿Que estará facendo o oitro?
o tonto
¡Nenos, vámonos para o autobús!
¡SÍ!
José Luis Muñiz, 3º Curso


FOREVER
- Se tes problemas
cos profesores,
chama ó...
666-666-666.
Nós ocupámonos
"de todo".-
1997 8 B

# FÚTBOL

O día 4 de abril de 1997 xogouse o partido Olveira-Aguiño. Como sempre, gañou o equipo de Olveira, 2 a 1, Olveira: 2, Aguiño: 1. Os goles do equipo de Olveira foron de José e de Juan. O do equipo de Aguiño foi dunha rapaza que creo que se chamaba María. Ese día estaba lesionado J.M. Fontao, e José Francisco fora a Ribeira.

Eloy García, 3º Curso




PANCHITO
Perú
¡2.000!
IBAÑEZ




E PANCHITO EMIGRA POIS
AQUÍ NON FAI NADA.

IBAÑEZ


¡EU AQUÍ VOU MORRER! TEÑO QUE MARCHAR
POR FAVOR UNHA LIMOSNA


MODA
O FRACASO
FIN
DEBUXO: FRANB.
GUIÓN: CASTELAO

IBÁÑEZ


OS LOBOS
RUBEN 1º